

Outono
2022
Nº 01



A Marela

a revista do cole de Paradela



O outono
**CHEGA E CON EL
DESPERTAN MOITAS
COUSIÑAS**

Que durmían durante o verán

Os nosos redactores

O equipo de redactores de **A Marela** conta con nenos de diferentes cursos de Educación Primaria. Cada un deles aporta o mellor de si para que todo estea listo antes da publicación.




sumario

- 04** Entrevista
Estefanía Padullés
- 06** Outono
O castiñeiro
Magosto
Samain
- 08** Saídas
Parlamento Galego
Biblioteca Municipal
Belén de Begonte
Cine
- 10** Tecnoloxías
Aula Informática
A nosa páxina web
Programa PAINT
- 12** Natureza
Ruta do Loio
- 14** Entretemento
Sopa de letras, diferencias
chistes...

#01 *A Marela. Revista*
trimestral escolar

CEIP Plurilingüe San Miguel
Rúa Veiga nº 6
27611 Paradela (Lugo)
Tif. 982870631

 Esta revista está
impresa en papel reciclado

Nova Xanela

Este curso é un curso diferente, e iso é así por varios factores pero quizáis o máis destacable puidese ser a volta a unha relativa normalidade despois da terrible pandemia da COVID 19. A retirada das máscaras e a rebaixa das medidas de seguridade, fai que recuperemos en certo modo, esa necesidade de comunicarnos dun xeito parecido a como o faciamos antes, podendo agora ver por completo as nosas caras cando falamos, recuperar a cercanía e perder o medo a estar preto dos nosos compañeiros.

Quizais dalgún xeito con todo o que pasou poñemos máis en valor o feito de poder comunicarse e de contar cousas. Cousas que importan e que nos agrada saber porque forman parte da vida dos nosos cativos. Ese é o obxectivo desta publicación que chega para abrir unha nova xanela do noso centro escolar e, a través dela, os pais e nais poderán ver e ler algunhas das actividades e cousas de interese que acontecen na comunidade educativa e na que participan de xeito directo os nenos e nenas do Colexio de Paradela.

A revista será realizada dende a actividade extraescolar de informática e serán os nenos e nenas participantes desta actividade os que realizarán o traballo de redacción. Dalgún xeito, eles serán a voz do que aquí se conta.

Todo o que se publicará en **A Marela** está relacionado coa vida na escola e co entorno que inflúe na comunidade educativa. Ademais haberá seccións adicadas á natureza, ás estacións do ano e incluso un apartado para o lecer e no que as familias poderán interactuar aceptando os retos que propoñen os nosos redactores.

Esta publicación terá lugar trimestralmente. Algo moi importante a destacar é o feito de que a impresión será realizada en papel 100% reciclado e isto será así porque dende o comezo queremos deixar claro o noso interese polo respecto, amor e coidado da nosa natureza. Vivimos no rural, e ese feito fai que o vínculo coa natureza sexa moi estreito, xa que estamos en contacto directo con ela cada día. Ademais, **A Marela** estará dispoñible en formato dixital para a súa visualización no portal web do colexio.

Esperamos que disfrutedes con **A Marela** e que esta nova xanela de comunicación permaneza aberta por moito tempo.



Guillermo Dacal Pérez
Monitor de Informática no CEIP Plurilingüe San Miguel

Entrevista

Estefanía Padullés

A nosa querida ilustradora e escritora Estefanía Padullés comparte con nós algunhas das súas interesantes experiencias.

Sara Arias Arias
Sandra López Núñez
Jose Carlos López Armesto

Lembras a que idade empezache a escribir libros? Polo tanto, cantos anos levas escribindo e ilustrando?

Pois eu de pequeniña xa escribía. Escribía así para probar a ver como me saían estas cousas, pero así de maneira profesional con contos que se publiquen, empecei ós trinta e sete anos, polo tanto levo sete anos escribindo e ilustrando.

Saberías dicirnos cal foi o primeiro conto que escribiches? E o primeiro que ilustrache?

Sí, O Desexo do Gato Klops, que creo que o tedes aquí no cole tamén. O primeiro que illustrei tamén foi este.

Cantos libros escribiches este ano? Sabemos que nos próximos días virás a facernos a presentación do teu último conto, aquí ó noso cole, que nos podes anticipar sobre el?

Este ano escribín tres. Pois, non quero desvelar moito a sorpresa pero é unha aventura dun personaxe galego, na que saen piratas e, é unha aventura moi emocionante. Ten batallas e o máis forte de todo é que se trata dunha historia real.

Para a elaboración dun novo conto... como che xorden as ideas iniciais sobre o mesmo? Onde comezas a ilustralo e escribilo? Na casa, nun xardín, nunha oficina...?

Collo e voume pasear. Sabedes que a min gústame moito a natureza, pois póñome a pasear, ó mellor coa cadeliña e vou pensando e pensado. Ás veces falo soa e así é como me van vindo as ideas.

Para ilustralo e escribilo teño un caderno en sucio, no cal fago esbozos e cousas. Logo voume ó meu taller, que é un sitio así pequeniño, cheo de libros, bonecos e de cousas que me gustan. E nese caderno empezo a escribir e a facer os debuxos así en sucio. Polo tanto traballo na miña casa.

Tiveches algunha vez algunha colaboración con algún outro escritor ou escritora?

Sí. Traballei ilustrando libros doutros escritores. Por exemplo de Xoán Babarro, que é un escritor do cal tamén tedes algún libro del ou Charo Baleirón, que fixen os debuxos para as súas historias.

Cal foi o conto que máis traballo che custou realizar? Porqué?

Foi un que se chama Max e Lea que é de dinosauros. Custoume, porque leva uns debuxos moi complicados, traballando con lapis de cor. É un traballo moi lento, e intentei que os dinosauros pareceran moi moi reais. Entón levoume bastante traballo facer iso.

Atreveríaste a dicirnos un número aproximado de exemplares creados por ti que xiran polas bibliotecas das escolas galegas?

Pois terá que ser aproximado... Pero ó mellor, si máis ou menos hai uns oitocentos de cada un polas bibliotecas. Ó mellor cinco ou seis mil exemplares en total...

Algúns dos teus contos están protagonizados por animais, como o gato Klops, polo que nos decatamos que es unha gran amante deles, tes algunha mascota?

Sí, teño unha cadeliña que se chama Maiú, a cal saquei da protectora de Lugo, que hai moitos caniños alí. Teño esta cadeliña e teño un gatiño que se chama Lolo.

Á hora de escribir, prefires facelo en castelán, en galego ou en catalán?

Pois eu normalmente escribo sempre en castelán. Aínda que eu son catalá, depende mellor do tipo de libro, pero en xeral en castelán.

Cando eras nena, recibiches clases de pintura? Como consegués esa facilidade e soltura á hora de realizar os debuxos?

No, non recibín. A min gustábame debuxar e practicaba, ía copiando así. Pero cando fun un pouquiño máis maior, recibín clases. Tiña ó mellor catorce anos, e recibín clases dun pintor

de pintura a óleo, sabedes? Esa pintura con pincel. Pois era un señor que tiña oitenta anos e era moi moi bo, entón aprendín bastante tamén con el. Facendo iso moitas veces. Practicando moitísimo.

Xa para ir rematando, sabemos, tal e como nos contache, que vives aquí en Paradela nunha casa que tempos atrás era a antiga escola da vila, gústache vivir nese pobo? Que é o que máis destacarías da natureza que te rodea?

Sí, encántame. Non cambiaría este pobo por nada do mundo. Destacaría que podes ir paseando e aquí podes atopar animais moi diferentes, así de súpeto. Por exemplo, vouvos contar unha anécdota: cando vivía noutro sitio, un día que ía de paseo, pareceume ver un paxaro branco, unha garza. Pero non era unha garza, era unha bolsa de lixo. En cambio, aquí pasoume ao revés. Pensei que vira unha bolsa de lixo e era unha cegoña. Entón pensei "Ala, aquí hai moitísimos animais diferentes!"

E para finalizar, que sentes ó saber que centos de nenos e nenas xunto coas súas familias gozan da lectura e das ilustracións dos teus contos cada día?

Para min é moi emocionante, porque eu lembro que cando era pequena, que había uns libros que me gustaban moito, que foron moi importantes para min. Aínda agora os recordo con moito agarimo. Polo que para min é moi importante que a un neno se lle pase este sentimento que eu tiven, cos meus libros. É moi emocionante!

GRACIAS POLA TÚA COLABORACIÓN.



Outono

O Castiñeiro



Este Outono queremos adicar esta sección á que probablemente é a árbore mais significativa do noso entorno natural. O Castiñeiro.

Yanira Díaz López
Hugo López Mourín

O outono é unha das catro estacións do ano na que caen as follas das árbores, o clima comeza a ser cada vez máis frío, xa que se vai achegando o inverno e os días son máis curtos, é dicir, teñen menos horas de luz pois, pouco a pouco vai anoitecendo antes, sendo as noites máis longas.

Nos bosques podemos ver que as follas teñen diferentes cores: verdes, amarelas, marróns e ata incluso vermellas, que van caendo das árbores ó ir secando e axudadas, en gran medida, polo vento.

Nesta época do ano temos a oportunidade de comer alimentos típicos, por exemplo, castañas, cabazas, cogomelos ou, froitos secos como as noces ou as abelás. Ademais podemos gozar de festas como o Magosto ou Samaín en moitos lugares e que no noso cole, como cada ano, tamén celebramos.

Son moitas as persoas que aproveitan durante este tempo para saír a pasear pola natureza coa súa familia ou amigos para observar os cambios que se están a producir nas árbores, para recolectar castañas ou cerrotes ou incluso para poder ter a oportunidade de toparse con algún animalíño como paxaros, esquiños ou ourizos.



A nosa contorna está rodeada de natureza que alberga fauna e flora moi diversa pero parécenos moi importante centrarnos nunha árbore que ocupa gran parte dos bosques galegos e que ten especial presenza nesta época do ano, trátase do castiñeiro.

Esta árbore pode durar moitos anos e no inverno cáenlle as follas, falamos, polo tanto, dunha árbore de folla caduca. O seu froito é a castaña que pode comerse asada ou cocida e ata incluso crúa e tamén se emprega en numerosas receitas para facer doces. Ademais de ser un alimento para as persoas tamén o é para os animais, xa que nos bosques algúns deles como o xabaril, aliméntase de castañas.

A castaña medra no interior dos ourizos que se abren cando esta madura, entre os meses de setembro e novembro, e así quedan libres para a súa recollida.



No outono os soutos que, son plantacións de castiñeiros, énchense de castañas que son recollidas polo seus donos para consumo propio ou para a súa posterior venda a outros países. Cando son para a venda hai empresas que se dedican a preparalas, envasalas e conservalas de diferentes formas, por exemplo, conxeladas ou incluso moidas, en forma de fariña que logo se emprega na repostería.

En Galicia, durante o outono, celébranse numerosos magostos, trátase dunha festa tradicional na que se fai unha fogueira e na que se asan as castañas, o que fai que moitas familias e veciños se reúnan para comelas e gocen da festa.

Tamén destacamos que a madeira do castiñeiro é moi apreciada para os carpinteiros porque é moi dura. Como podemos ver unha árbore que nos ofrece grandes calidades e que tan preto temos nosa.

O SAMAIN

Thalía Folgueiras Arias

O Samaín é unha festa que celebramos no cole todos os anos. Este ano foi xenial, moi divertido e fixemos un montón de cousas: manualidades de esqueletos, morcegos, bruxas... e no comedor, onde fixemos o magosto, había adornos de globos de fantasmas, cabazas... Na entrada colgaba un pantasma enorme que estaba feito cun globo que facía de cabeza e o corpo era unha tea branca, nas mans levaba uns guantes con luces. Daba medo!

Encántame decorar as cabazas, a miña decoreina de Catrina, un esqueleto con flores do que tamén fun disfrazada. Os meus compañeiros decorárona de varias formas: algúns de esqueleto, outros dunha cárcere, outros de araña, vampiros... Foi un día xenial, moi divertido, os meus compañeiros ían disfrazados de esqueleto, pallaso, noiva cadáver, zombis, santa compañia, lobos... Os profes tamén se disfrazaron, un deles ía de pallaso e levaba un martelo de mentira e deunos un susto enorme. Como facía mal tempo fixemos un desfile dentro do cole, primeiro os nenos de infantil e logo os de primaria.

Cando fomos ó recreo escoitamos música e fixemos unhas manualidades de arañas e cabazas que levaban un caramelo dentro e que despois repartimos ó resto de nenos e de nenas do cole.

Despois do recreo houbo un taller de pintacaras para os máis pequenos e o día antes tamén fixeron un obradoiro de receitas terroríficas.

Tamén xogamos a ter unha tenda e a vender cousas e incluso xogamos a ser animais, vacas, pandas, toros, becerros....

Puxéronnos música de Ana Mena e de Rosalía e iso foi chulísimo. A min encántame. Os meus compañeiros son moi bos e paseino xenial.



Receitas terroríficas

SAÍDAS E EXCURSIÓNS

Jose Carlos López Armesto
Jose Ferreiro Núñez
Sara Arias Arias

Visita ó Parlamento e á Xunta de Galicia



Alumnos do CEIP San Miguel xunto con alumnos de Portomarín e Lousada no Parlamento Galego

O pasado mércores 26 de setembro os nenos e as nenas de 5º e 6º de Educación Primaria xunto cos nosos profes fomos visitar ó Parlamento e á Xunta de Galicia. Saímos ás 8:00 h da mañá do colexio e volvemos para comer. O camiño foi longo xa que desde Paradelas ata Santiago levounos unhas dúas horas. Ademais tivemos que facer dúas paradas no camiño, unha en Portomarín e outra en Lousada para recoller ó alumnado tamén de 5º e 6º que viñeron con nos á excursión. Cando chegamos ó Parlamento ensináronnos onde se reúnen os parlamentarios para tomar decisións importantes sobre Galicia. Era un lugar grande e moi luminoso. Despois dunha hora e media aproximadamente no Parlamento fomos á Xunta de Galicia. Alí, entre outras cousas, contáronnos que traballan ó redor de 3000 persoas e déronnos un dato que nos chamou moito a atención: diariamente gástanse máis de 600.000 € en transportes. Despois disto volvemos a Paradelas, en xeral foi unha visita moi interesante.

Excursión á Biblioteca Municipal de Paradelas

Neste trimestre fixemos varias saídas á Biblioteca Municipal de Paradelas, en concreto dúas. A primeira delas foi para realizar un obradoiro de ilustracións coa recoñecida Estefanía Padullés. Foi realmente interesante. O que tivemos que facer despois foi realizar un retrato dunha persoa que fose realmente especial para nós. Uns escolleron a súa nai, outros a súa avoa... Os nenos e as nenas de cursos máis baixos foron outro día e o que fixeron foi crear un conto conxunto coa axuda de Estefanía.

Despois desta saída, semanas máis tarde, acudimos de novo a esta biblioteca para recibir unha charla sobre o espazo. Nesta ocasión fomos ó alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria xuntos coas mestras. Aquel mesmo día unha astronauta deu a charla máis divertida do mundo enteiro e falounos sobre lendas antigas, o amor das estrelas, o sistema solar, as galaxias... Foi moi interesante. Ademais, fixéronnos preguntas sobre o espazo e aqueles que responderamos correctamente despegaríamos un foguete cara o espazo exterior. Finamente fixéronnos unha foto espacial.



Foto espacial coa astronauta na biblioteca municipal de Paradelas

Visita ó Belén de Begonte

O pasado 16 de Decembro todos os nenos e as nenas do cole xunto cos profes fomos visitar o Belén electrónico de Begonte. Ó chegar alí tivemos que esperar un pouquiño para entrar porque antes había unha excursión de nenos máis pequenos. Cando nos tocou a nós foi xenial, a visita durou sobre 15 minutos e vimos como o Belén tiña vida propia, con figuras animadas electronicamente. Despois puidemos ver o Museo do Belén no que se lembran os avances que tivo dito Belén desde o seu inicio ata o día de hoxe.



Belén de Begonte

Excursión ó Cine

O saír de Begonte fomos ó cine que hai no Centro Comercial das Termas, en Lugo, ver a película de Disney "Mundo Extraño", na que unha familia de exploradores chegan a un novo lugar onde nunca fora ninguén. Alí teñen que afrontarse a moitos perigos, á vez que descubren unhas criaturas totalmente descoñecidas. Foi moi interesante e recomendamos esta película para que vaiades ver porque nos gustou moito a todos, incluso había algún neno que nunca fora ó cine e encantoulle.



Jose e Clara na entrada do cine



Alumnado do CEIP San Miguel nos cines YELMO de Lugo

Tecnoloxías

Iniciación á informática

No cole de Paradela contamos cunha aula de informática totalmente equipada con ordenadores de última xeración onde, os nenos e nenas teñen a oportunidade de aprender a traballar con estes equipos como tamén, coñecer varios programas que serán de moita utilidade, tanto na etapa académica como no seu futuro laboral.

Ademais da actividade extraescolar de iniciación á informática os alumnos e alumnas realizan traballos co profesorado da escola e cada vez familiarízanse a idades máis temperás con aplicacións, tales como procesadores de texto, editores de imáxenes sinxelos, diferentes navegadores para a pesquisa de información na rede e moitas cousas das que ben seguro sacarán proveito no futuro.

Cando comezou a actividade os primeiros pasos foron os de adquirir destreza co rato e coñecer o teclado. Ademais iniciáronse e continúan avanzando na mecanografía usando unha aplicación pensada para ese fin. Non tardaron moito en adquirir a axilidade suficiente para valerse por eles mesmos e acceder de xeito autónomo a todos os lugares ós que, ben sexa para buscar información ou por pura curiosidade, acaban recibindo a visita dos nosos intrépidos aprendices.

Sen dúbida estamos na era da tecnoloxía e os tempos cambiaron tanto que non fai falta ollar moi para atrás para darse conta dos cambios que sufriron as aulas e o xeito na que os nenos e nenas aprenden e desenvolven as súas capacidades.



Este curso contamos con dez pequenos cubrindo case na totalidade as prazas disponibles para a realización da actividade.

Ademais da impresión en papel dalgúns dos traballos e exercicios realizados na aula este curso comezaremos coa impresión 3D xa que contamos coa tecnoloxía e os materiais necesarios para podelo facer.

É moi interesante que os alumnos e alumnas comprendan a grande utilidade e importancia que a informática ten na nosa vida diaria e entendan que practicamente todo o que nos rodea dalgún xeito ten en máis ou menos medida, relación cos ordenadores ou con algunha aplicación, máis alá de ver vídeos, escoitar música e xogar, algo que tamén nos gusta facer, por suposto.



A nosa WEB


Dende o curso pasado contamos co funcionamento do noso portal web onde todos os membros da comunidade educativa poden consultar moitísimos aspectos de alto interese, como por exemplo; o menú do noso comedor, paradas de transporte, descarga de documentos importantes, listados dos libros de texto, galerías fotográficas das actividades que se realizan, acceder á aula virtual e un sen fin de cousas máis. Ademais, a páxina de inicio sempre estará actualizada coas actividades ou novidades de último interese.

Para acceder só debes facer unha pesquisa nun navegador calquera do CEIP Plurilingüe San Miguel e xa aparecerá a opción para entrar.

Se o preferides pode escanear o código QR que vos levará de forma rápida e fácil directamente á web.



Aplicación PAINT



Traballo realizado por Manuel 2ºEP experimentando con formas e cores.




Postal navideña deseñada por Alma

Nos primeiros pasiños co ordenador, e como exercicio para gañar axilidade co rato e o teclado usamos a aplicación PAINT. Este sinxelo programa ofrécenos múltiples opcións tanto para debuxar como para facer uns pequenos axustes en fotografía.

É moi interesante ver que os alumnos realmente se esforzan e aprenden a usar as diferentes ferramentas que ofrece a aplicación e ademais sorprende a creatividade que reflexan nos seus traballos.


Ó rematar cada traballo, aprenden a gardalo nunha carpeta concreta dentro do ordenador como tamén nunha unidade externa USB, ademais en ocasións os traballos son impresos en papel e expostos no taboleiro da aula.



Diseño dunha araña realizado por Alejandro para a conmemoración de Halloween

NATUREZA

RUTA DO LOIO




En Paradelas temos moitas rutas para camiñar e gozar da nosa fermosa natureza. Hoxe vouvos falar da ruta do Loio que comeza ó lado das piscinas municipais e que remata na parroquia de San Xoán de Loio, ó lado do Miño. Esta ruta ten unha distancia duns 7 Km, polo tanto, pódese facer entre dúas ou tres horas. Ademais podemos facela en bicicleta ou a pé.

Durante este percorrido podemos atoparnos cun muiño que está restaurado e tamén cunha fermosa cascada. Ademais temos que cruzar varias pontes de madeira. Tamén teremos a oportunidade de ver bosques con variedade de árbores: castiñeiros,

carballos...

Xa no Loio hai un desvío que nos leva ata as ruínas do Mosteiro de Santa María do Loio. Finalmente a ruta remata xunto o embalse de Belesar. Trátase dun roteiro moi interesante para realizar en calquera época do ano polo que vos animo a todos a realizala.



Sandra López Núñez




Entretenimento

Jose Ferreiro Núñez


Podes ver as 7 diferencias?



CHISTES



1. NUNHA ESCENA DO CRIMEN...
- PARECE QUE MORREU GOLPEADO CUNHA GUITARRA, UN VIOLIN E UN CONTRABAIXO.
-VAIA, TODO CONCORDA.



2. QUE LLE DICE UNHA IMPRESORA A OUTRA?
- ÉSA FOLLA É TUA OU É A MIÑA IMPRESIÓN?



3. COMO MORRERON OS SOLDADOS?
- ABATIDOS, MEU XENERAL
- CARAMBA! SI QUE TIVERON QUE BEBER!.



4. SABES O CHISTE DO PESCADOR?
- É A CAÑA!



5. PORQUÉ OS PRESOS NON XOGAN AO ESCONDITE?
- PORQUE XA OS PILLARON.

SOPA DE LETRAS

Atopa os 8 planetas

I	J	X	U	P	I	T	E	R	W
B	W	Z	Ñ	P	D	Y	S	T	T
N	S	A	T	U	R	N	O	Ñ	Y
B	T	I	E	A	Z	B	X	X	S
M	E	R	C	U	R	I	O	W	E
J	R	J	D	R	C	S	P	T	W
H	R	F	G	A	U	C	R	J	Z
Q	A	E	Y	N	R	A	Q	Y	X
E	K	O	E	O	M	B	C	N	K
Z	F	V	N	E	P	T	U	N	O





La educación es la vacuna
contra la violencia

Education is the vaccine
against violence

A educación é a vacina
contra a violencia

शिक्षा टीका है
हिसा के खिलाफ

Síguenos na nosa web

